

Portos de Galicia

1.- INTRODUCCIÓN

O Ente Público Portos de Galicia creouse mediante a Lei 5/1994, do 29 de Novembro, como entidade de Dereito Público para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da Comunidade Autónoma son atribuídas pola citada Lei, que en resumo son: a construción, conservación, administración das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e o fomento global das actividades económicas relacionadas co tráfico portuario, a xestión da explotación das instalacións portuarias e demais bens adscritos o seu patrimonio, o fomento da actividade económica global no ámbito dos portos dependentes da administración da Comunidade Autónoma, o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria.

Constitúese polo tanto, como o principal instrumento para executar as competencias portuarias que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes. Como Ente Público, exerce as competencias exclusivas sectoriais sobre os portos de titularidade da Administración Autonómica. Asemade, dende o punto de vista competencial, a Xunta de Galicia, en virtude da reforma da Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante operada pola Lei 62/1997, de 26 de decembro, ostenta as competencias para nomear ós Presidentes e vocais dos Consellos de Administración das Autoridades Portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na nosa Comunidade Autónoma.

O orzamento de Portos de Galicia para o exercicio 2006 sitúase no escenario económico establecido polas previsións contidas no Plano Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia 2000/2006 (PEDEGA), ó amparo do Marco Comunitario de Apoio, e materializa en materia

portuaria as políticas de gasto priorizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para acadar os obxectivos xerais establecidos para o orzamento de 2006.

En definitiva o Ente Público Portos de Galicia, como entidade responsable da xestión empresarial dos servicios portuarios, está a afrontar unha etapa caracterizada pola transformación do sector portuario que ven motivada principalmente polas novas necesidades que impón unha economía cada vez máis globalizada, e polo firme compromiso existente no eido internacional para avanzar hacia un modelo de desenvolvemento sostible que, ó mesmo tempo que sexa respectuoso co medio ambiente, e consiga satisfacer as cada vez máis esixentes demandas da sociedade en canto á calidade dos servicios de todo tipo, e en particular, dos prestados polos entes xestores dos portos.

Portos de Galicia presenta o seu orzamento estruturado por programas, establecendo para cada un deles as metas propostas, en correspondencia cos obxectivos institucionais, e as actuacións máis axeitadas para a súa consecución. Todo elo artellado de forma tal que se facilita o seguimento da execución orzamentaria e a avaliación dos resultados acadados, coa finalidade última de garantir a eficacia e a eficiencia na utilización dos recursos administrados.

2.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O Consello de Administración é o órgano superior do Ente Público Portos de Galicia, e exerce de forma colexiada as funcións específicas que lle atribúen os estatutos, sendo o Presidente do Consello de Administración o órgano superior de dirección e xestión, e o Director o órgano de xestión baixo a dependencia directa do presidente e Portos.

Portos de Galicia, no que atinxe á xestión orzamentaria, estrutura a súa organización baixo a Dirección entorno ós servicios centrais e ós servicios periféricos emprazados nos Portos da súa competencia. Estes servicios periféricos organízanse agrupando en tres zonas os diferentes portos e establecendo uns centros de cabeceira nos que se empraza a xestión operativa da prestación de servicios e as relacións cos usuarios e concesionarios.

A súa vez, tódolos servicios estrutúranse en tres grandes áreas que se corresponden coas funcións que ten encomendadas o Ente Público: a explotación dos portos, a xestión de investimentos e a súa propia xestión económico-administrativa.

As funcións principais de cada área son as seguintes:

Área de planificación e explotación.- Encárgase principalmente da ordenación portuaria e da xestión do dominio público, así como da conservación e mantemento das instalacións portuarias, tendo tamén como responsabilidade as iniciativas para o desenvolvemento das instalacións náutico deportivas e a protección medioambiental das instalacións portuarias, accións ambas de carácter preferente dentro das actuacións de Portos de Galicia nos últimos anos.

Área de proxectos e obras.- Ten encomendadas as actuacións relacionadas coa xestión de estudos e proxectos en materia de portos así como da construción de obras de infraestrutura portuaria.

Departamento de servicios xerais.- Ocúpase das tarefas de xestión económica e financeira do Ente que garanten o funcionamento operativo dos servicios.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

Os eixes prioritarios que inspiran as actuacións a desenvolver por Portos de Galicia poden ser sintetizados arredor dos seguintes puntos:

- ✓ Revalorización das funcións portuarias tradicionais, potenciando a conexión dos complexos productivos da pesca e a construción naval ó tempo que se reforza a intermodalidade do sistema integrado de transporte.
- ✓ Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, abrindo o seu uso a outras actividades e buscando a súa integración no medio urbano.
- ✓ Integrar os portos galegos dentro de redes de portuarias que desenvolvan as súas complementariedades ó tempo que se procura unha relativa especialización. Debe avanzarse cara unha integración e cooperación dos portos da fronte nordeste peninsular.
- ✓ Que os portos galegos se constitúan como un instrumento que fomenta a proxección exterior do tecido productivo galego, o desenvolvemento integrado do complexo mar-industria e favorezan o desenvolvemento económico do entorno fomentando actividades alternativas como a do turismo.
- ✓ Que todos os programas de desenvolvemento destes eixes se leven a cabo respectando o medio ambiente.

En correspondencia con estes eixos prioritarios, Portos de Galicia establece para o orzamento do ano 2006 os seguintes obxectivos básicos:

- Mellorar a infraestrutura, equipamento e xestión do sistema portuario da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, de forma tal que se potencie o seu papel como instrumento básico para o desenvolvemento económico, ó tempo que se busca acadar unha maior oferta e calidade dos servizos ós usuarios.

- A execución de novas obras de infraestrutura portuarias, tales como as actuacións en abrigos, accesos marítimos, dragados, etc., así como calquera outra acción que, con carácter de interese xeral, contribúa ó desenvolvemento económico da zona na que se encadran os portos.
- Mellorar as conexións e enlaces con outros modos de transporte, acometendo os investimentos e obras de acondicionamento que permitan reforzar o grao de intermodalidade do sistema de transporte en Galicia.
- Potenciación do uso da rede portuaria da Comunidade Autónoma, incentivando a utilización dos servizos portuarios, ó tempo que se fomenta unha certa especialización dos nosos portos en consonancia co entorno no que se integran.
- Fomento das actividades náutico-deportivas, levando a cabo ou fomentando os investimentos necesarios para dotar ós nosos portos das infraestructuras necesarias para a práctica de tales actividades.
- Integración das infraestructuras portuarias no entorno no que se enxiren, buscando a adecuación co ordenamento urbano así como a mellora das condicións medioambientais.

4.- PROGRAMAS E LIÑAS DE ACCIÓN PRESUPOSTADAS

O orzamento para o ano 2006, asigna os obxectivos do PEDEGA, recollendo asemade, outras previsións extratécnicas nun horizonte 2006-2009, que intensifican as seguintes liñas de acción:

- Implementación dunha acción normativa específica para a xestión e administración portuaria de Galicia, conforme as peculiaridades dos portos galegos e da súa actividade.
- Como elemento fundamental na consecución dos obxectivos previstos, incidirase na defensa extratéxica do dominio público portuario, dende os aspectos de regulación, explotación e soporte de prestación de servicios portuarios ó buque e á mercancía.
- Como acción vertebradora do conxunto dos obxectivos, liñas de acción e os seus programas, establécese como unha acción fundamental o acometimento dos instrumentos de planificación existentes. Neste sentido preténdese a execución dun importante esforzo planificador mediante a elaboración de Plans de utilización de espazos portuarios, plans de ordenación de fondeos, plans especiais de ordenación portuaria, así como o deseño de diferentes ferramentas de xestión medioambiental.
- Como accións encamiñadas a procurar a conectividade da rede portuaria coas restantes infraestructuras industriais e viarias, traballarase na redacción dun plan director de coordinación de infraestructuras, no marco da acción xeral da CPTOPT.

Para a consecución dos obxectivos a acadar por Portos de Galicia, xunto coa continuidade das actuacións de mellora dos servicios prestados iniciadas en anos anteriores, fixase como prioridade para o exercicio 2006 a realización das obras de infraestructura necesarias para incrementar a dotación e as prestacións das instalacións portuarias, buscando con todo elo unha maior oferta e calidade dos servicios.

Todas estas actuacións englobanse no desenvolvemento dos seguintes programas:

1. Programa de infraestrutura xeral:

- Co fin de melloralas condicións operativas e de seguridade dos buques, prevese a realización de novas infraestruturas tales como peiraos de uso xeral, diques de abrigo, dragaxes, varadoiros, accesos, e melloras xerais de acondicionamento dos portos. Prevensen obras tales como a ampliación e mellora de contradiques, de lámina de auga abrigada, dragaxes con aumento de calados, etc., que permitirán incrementar a seguridade e operatividade da flota nos portos, así como facer fronte á previsión das necesidades futuras de implantación de plataformas loxísticas de medios e infraestruturas de loita contra a contaminación marítima accidental. Este programa está dotado con 10.415.057 euros.

2. Programa de infraestrutura pesqueira:

- Inclúense neste programa todas aquelas actuacións dirixidas especificamente á actividade pesqueira e marisqueira, co fin de mellorar a operatividade e condicións de traballo no sector. Dótase este programa con 6.335.757 euros.

3. Programa de infraestrutura para o tráfico comercial:

- Este programa comprende aquelas actuacións en infraestruturas destinadas principalmente ó tráfico comercial, buscando unha mellora na súa operatividade e rendemento coa finalidade de atraer novos tráxicos. Dótase este programa con 1.113.271 euros.

4. Programa de infraestrutura náutico-recreativa:

- Portos de Galicia ten establecida como unha das súas prioridades o desenvolvemento da náutica recreativa como medio para a potenciación da actividade turística no entorno dos portos. Deste

xeito, continúaase co incremento do número de atraques existentes, mediante a construción de novas instalacións, e a mellora das existentes, co obxectivo último de consolidar unha oferta náutica de calidade nas costas galegas. Ó mesmo tempo, Portos de Galicia prevé desenvolver actuacións encamiñadas a mellorar as zonas de servizo dos portos deportivos, tanto en accesos e urbanizacións, como na dotación de locais e servizos complementarios. Dótase este programa 1.304.037 euros.

5. Programa de adecuación ó entorno urbano e mellora das condicións medioambientais:

- Este programa recolle o desenvolvemento de actuacións no ámbito da integración dos portos nos núcleos urbanos, mellorando a relación porto-cidade e adecuando a fachada marítima das vilas costeiras. A dotación económica deste programa e de 4.931.528 euros.

6. Programa de instalacións de carácter xeral e actuacións de conservación:

- Intégranse neste programas aquelas actuacións relativas ós servizos xerais do porto, que non están incluídos no programa de infraestrutura xeral. Asemade, inclúense neste programa as actuacións de conservación e reparación dos bens que integran o dominio público portuario. A dotación económica do mesmo é de 3.403.285 euros.

O resumo da valoración económica dos distintos programas é a seguinte:

Programas	Importe total euros
1.- Infraestructura Xeral	10.415.057.-
2.- Infraestructura Pesqueira	6.335.757.-
3.- Infraestructura para o tráfico comercial	1.113.271.-
4.- Infraestructura náutico-recreativa.	1.304.037.-
5.- Adecuación ó entorno urbano e mellora das condicións medioambientais	4.931.528.-
6.- Programa de instalacións de carácter xeral e actuacións de conservación.	3.403.285.-
***** Asistencias técnicas proxectos	1.887.786.-
***** Obras menores novas	1.400.000.-
***** Outro inmovilizado	183.438.-
TOTAL	30.974.160

5.- MEMORIA ECONÓMICA

Os presupostos do Ente Público Portos de Galicia constitúen o núcleo central da súa actividade, polo feito de que a través deles canalízase de forma directa a xestión dunha gran parte da súa actuación. A estrutura básica dos presupostos adáptase á descrición dos ingresos e gastos previstos para o exercicio económico, así como ó detalle dos investimentos programados e á forma na que se prevé financiarlos.

O orzamento total do Ente Público Portos de Galicia para o ano 2006 ascende á cantidade de 41.621.972 euros, nos seus estados de ingresos e gastos, 1.381.548 euros máis co ano anterior, o que representa no seu conxunto un crecemento do 3,4 %, e dá cobertura

tanto os gastos de explotación como ás previsións orzamentarias incluídas no plan anual de investimentos de Portos de Galicia para dito exercicio.

Polo que respecta ó orzamento de ingresos total – 41.621.972 euros- , a previsión de recursos a acadar é a seguinte: os ingresos por conta corrente ascenden a un total de 12.171.250 euros, o que representa un incremento nominal do 5%, é dicir prevése recadar 570.112.- euros máis que na previsión do ano anterior, e veñen xerados principalmente polas taxas e cánones cobrados pola prestación de servizos; e, polo que respecta ás subvencións de capital, para este vindeiro exercicio acadan a cifra de 29.450.722 euros, crecendo en 811.436.- euros, o que representa un crecemento do 2,8% respecto do ano anterior.

Con relación ó estado de gastos total – 41.621.972 euros- , 10.647.812 euros correspóndense con operacións correntes, nas que se inclúen os gastos de persoal cun orzamento de 4.099.594 euros, outros gastos de explotación cun orzamento de 6.548.218 euros, que recolle os gastos en bens correntes ou servizos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, e os restantes 30.974.160 euros son operacións de capital, constituídas exclusivamente pola realización de investimentos de infraestrutura portuaria.

- Cadro resumo orzamento total:

Orzamento de ingresos	2006	2005
- Taxas e outros ingresos	12.141.250	11.570.486
- Ingresos patrimoniais	30.000	30.652
- Total ingresos correntes	12.171.250	11.601.138
- Transferencias de capital	29.450.722	28.639.286
- Total ingresos de capital	29.450.722	28.639.286
- Total orzamento de ingresos	41.621.972	40.240.424

Orzamento de gastos	2006	2005
- Gastos de Persoal	4.099.594	3.950.245
- Gastos en bens correntes e servizos	6.547.218	6.337.451
- Gastos financeiros	1.000	3.005
- Total gastos correntes	10.647.812	10.290.701
- Investimentos reais	30.974.160	29.949.723
- Total gastos de capital	30.974.160	29.949.723
- Total orzamento de gastos	41.621.972	40.240.424

Como aspectos básicos do proxecto de orzamentos para o ano 2006 podemos destacar os seguintes:

- Crecemento do esforzo inversor (3,4%) a realizar por Portos de Galicia nos niveis acadados en exercicios anteriores, cunha cifra total de investimentos de 30.974.160 euros.
- Incremento global dos ingresos correntes en 570.112.- euros, o que representa un crecemento do 5%, fundamentalmente polas previsións de posta en marcha de diversas instalacións náutico deportivas.
- Contención importante nos gastos de explotación cun aumento do 3,5%, inferior á evolución sinalada anteriormente prevista para os

ingresos correntes, e polo tanto, melloran os índices de relación gastos/ingresos, en beneficio do aforro no gasto corrente.

5.1.- Orzamento de explotación:

5.1.1.- Ingresos de explotación:

A previsión de ingresos de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2006 é de 12.171.250 euros, o que representa un incremento de 570.112 euros en termos absolutos sobre o presuposto inicial de ingresos de explotación do ano anterior, equivalentes a unha taxa de variación do 5% e proceden, na súa meirande parte, do cobro das Taxas por prestación de servizos portuarios, e cobro de cánones por aproveitamento do dominio público portuario.

Descendendo a nivel de conceptos do orzamento de ingresos de explotación, pode destacarse o seguinte:

- Taxas por prestación de servizos portuarios:

A previsión orzamentaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación de servizos dos distintos tráxicos portuarios acadan a cifra de 9.772.000 euros, que en relación coa cantidade inicial orzamentada no exercicio 2005 supón un incremento do 8,6%.

Destaca neste capítulo a evolución dos ingresos da tarifa X-5 de tráfico de embarcacións deportivas e de recreo, cunha previsión para este ano de 1.180.000 euros, o que representa un crecemento de case o 30%, esto débese a previsión de posta en funcionamento o longo do próximo ano de case 1.200 puntos de amarre nas distintas instalacións náutico deportivas.

O resto dos tráxicos (comercial e pesqueiro), teñen unha previsión de actualización próxima ó 3%. A evolución destes conceptos compensa a diminución dos ingresos por cánones das concesións, debido a data prevista de entrada en vigor da Orden que regula o valor do solo no dominio público portuario.

- Cánones por concesións e autorizacións:

Neste capítulo recóllese a previsión dos ingresos que se producirán no ano 2006 pola utilización do dominio público portuario. O importe previsto inicialmente ascende á contía de 1.520.000 euros, cantidade inferior á prevista no exercicio 2005.

- Taxas por servizos profesionais:

Os ingresos integrados neste concepto acadan a cifra de 800.000 euros, cifra similar ó exercicio anterior, correspondente á estimación das taxas por dirección e inspección das obras portuarias.

- Ingresos financeiros:

Finalmente, os ingresos financeiros, que veñen dados exclusivamente polos ingresos patrimoniais obtidos pola xestión da tesourería, estímense para o ano 2006 na cifra de 30.000 euros.

En resumo, o orzamento de ingresos correntes ou de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2006 acada a cifra de 12.171.250 euros, o que representa un incremento do 5% sobre o ano anterior.

O cadro seguinte mostra os resumos do estado de ingresos clasificados por conceptos, dacordo coa súa natureza económica.

Orzamento de ingresos de explotación	2006	2005
- Taxas por prestación de servizos portuarios	9.772.000	9.000.000
- Taxas por utiliz.priv. ocup.aprov.dom.público.	1.520.000	1.715.000
- Outros ingresos de xestión	49.250	51.000
- Outros ingresos financeiros	30.000	30.652
- Total	12.171.250	11.601.138

5.1.2.- Gastos de explotación

A previsión orzamentaria dos gastos correntes polo funcionamento dos servizos, que inclúe as partidas de gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (Outros gastos de explotación), ascende a cifra de 10.647.812 euros, o que supón un crecemento no seu conxunto do 3,5% sobre o ano anterior, porcentaxe que está en correspondencia coa previsión de incremento do IPC, o que pon de manifesto a contención importante deste tipo de gastos, sin que con elo se vexan afectados os actuais niveis de prestación de servizos.

- Gastos de persoal

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento ascenden a 4.099.594 euros o que supón un crecemento do 3,8% respecto ao exercicio anterior, e cubre o custo dunha plantilla de 116 traballadores, que se corresponden coas necesidades contempladas dentro da estrutura organizativa. Contemplase asemade neste capítulo unha subida salarial do 3%, en correspondencia coas previsións de incremento do IPC, e recolle tamén os gastos de acción social, gastos médico-farmacéuticos, indemnizacións, e gastos de formación do persoal.

- Gastos en bens correntes e servizos. (Outros gastos de explotación)

No capítulo de gastos en bens correntes e servizos estímase unha necesidade de recursos por importe de 6.548.218 euros, o que supón un incremento do 3,3% respecto do exercicio anterior.

Neste capítulo inclúense os gastos correspondentes ó funcionamento normal do Ente, tales como arrendamentos, subministros, comunicacións, asesoría e consultoría, material de oficina e outros servizos, xunto cos de conservación e mantemento, os de limpeza e mellora medioambiental e os gastos en seguridade e vixilancia.

Cabe salientar as partidas destinadas á reparación e conservación das infraestructuras portuarias, cun orzamento de 1.650.000 euros (+2,4%); e dentro da partida de material, subministros e outros servizos os gastos de limpeza e mellora medioambiental das zonas portuarias, cun orzamento de 1.656.919 euros (+9,5%), así como os servizos de xestión indirecta de practicaxe nos portos cun orzamento de 168.000 euros, servizos de vixilancia e seguridade cun orzamento de 191.986 euros, e por último o crédito previsto para a contratación de asistencias técnicas para a realización dos Plans de utilización de espazos portuarios, Plan Director de infraestructuras, Plan de calidade, así como un plan de conservación e mantemento das instalacións, ascende a 883.184 euros.

- Gastos financeiros

A dotación no orzamento para este capítulo ascende a 1.000 euros. Dado que o ente público non ten carga financeira por xuros de débedas contraídas, a estimación fíxose segundo os custos asociados á xestión de cobro dos recibos bancarios domiciliados polos nosos clientes e usuarios.

En resumo, o orzamento de gastos de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2006 acada a cifra de 10.647.812 euros, dacordo coa clasificación económica seguinte:

Orzamento de Gastos de Explotación	2006	2005
* Gastos de Persoal	4.099.594	3.950.245
- Retribucións salariais	3.106.666	3.000.253
- Cotas da seguridade social	904.502	871.601
- Gastos médico-farmacéuticos non cubertos	12.628	12.261
- Indemnizacións	11.498	64.000
- Formación e perfeccionamento do persoal	34.299	33.300
- Acción Social	30.000	21.668
* Gastos en bens correntes e servizos	6.547.218	6.337.451
- Arrendamentos e cánones	209.964	166.223
- Reparación ,mantemento e conservación	1.692.253	1.648.582
- Mat. Subministrados e outros servizos	4.581.001	4.458.646
- Indemnizacións por razóns de servizo	64.000	64.000
* Gastos financeiros	1.000	3.005
- Total	10.647.812	10.290.701

5.2.- Orzamento de capital

5.2.1.- Ingresos de capital

- Transferencias de capital

Este capítulo recolle o conxunto das subvencións e transferencias que recibe o ente para financiar os gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, elévase a 29.450.722 euros, cantidade que supón un incremento do 2,8% respecto ao exercicio 2005.

As transferencias de capital recollidas no proxecto de presuposto para o ano 2006 teñen a seguinte procedencia:

Fondo	2006	2005
▪ FEDER	7.622.058	8.585.666
▪ F.C.I. (Cofinanciado)	6.236.229	7.024.636
▪ TOTAL M.A.C.	13.858.287	15.610.302
▪ F.C.I. (Libre)	3.226.997	2.900.000
▪ F.C.A.	12.075.260	9.101.984
▪ OUTROS (Convenio C. Pesca)	0	1.027.000
□ TOTAL	29.160.544	28.639.286

5.2.2.- Gastos de capital. (Plan de actuación, investimentos e financiación para 2006)

- Investimentos reais

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en investimentos de infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servicios.

O orzamento de inversións previstos no Plan de actuación, inversións e financiación de Portos de Galicia para o ano 2006 acadan a cifra de 30.974.160 euros, o que representa un crecemento do 3,4% respecto do presupostado no ano anterior.

No referente ó soporte da dotación dos créditos incluídos neste capítulo hai que destacar os seguintes:

- Os investimentos da anualidade do 2006 do Marco de Apoio Comunitario (M.A.C), cun montante total de 17.418.353 euros. Estes investimentos están financiados polo Fondo Europeo de Desenrolo Rexional (FEDER) e cofinanciados polo Fondo de Compensación Interterritorial (F.C.I.).

- Outros proxectos de obras e investimentos a realizar no ano 2006 financiados polo F.C.I. libre que acadan a cifra de 3.519.470 euros.
- As obras que Portos de Galicia ten programadas con cargo á subvención fixada pola Comunidade Autónoma (FCA), cun montante total de 8.222.721 euros.
- Contémplase asemade, dentro do Plan de Investimentos de Portos de Galicia, 1.400.000 euros para obras menores de ampliación e mellora de edificios e instalacións portuarias e 1.340.000 euros en asistencias técnicas para estudos e proxectos de obras.

O Plan de investimentos por programas para o ano 2006 recóllese no Anexo I desta memoria do Orzamento.

O desglose do orzamento de capital para o ano 2006 dacordo coa súa natureza económica é o seguinte:

Gastos de Capital	2006	2005
• Adquisición de Inmobilizado	30.974.160	29.949.723
- Infraestrutura portuaria	29.450.722	28.260.698
- Estudos e proxectos	1.340.000	1.200.000
- Elementos de transporte	0	36.061
- Moblaxe e equipos	21.438	18.030
- Equipos informáticos	50.000	202.586
- Outro inmobilizado material	12.020	12.020
- Aplicacións informáticas	100.000	220.328

5.3.- Relación ingresos e gastos

A previsión dos ingresos e gastos por conta corrente para o ano 2006 dan lugar a un aforro bruto que permitirá financiar unha parte das inversións mediante fondos propios –1.523.438 euros-, que serán dedicados a financiar directamente a adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servicios, así como a realización de estudos e proxectos de novas construcións.

A diferenza entre ingresos e gastos correntes do exercicio amosan as relacións financeiras básicas do Ente Público e reflexan a súa solvencia económica e a súa capacidade para xerar aforro que lle permita abordar o financiamento de esforzos adicionais en investimentos reais para a mellora da súas instalacións portuarias.

Relación entre ingresos e gastos	2006	2005
• Ingresos correntes	12.171.250	11.601.138
• Gastos correntes	10.647.812	10.290.701
• Saldo por conta corrente	1.523.438	1.310.437
• Ingresos de capital	29.450.722	28.639.286
• Gastos de capital	30.974.160	29.949.723
• Saldo por conta de capital	-1.523.438	-1.310.437
• Saldo orzamentario do exercicio	0	0
• Créditos gast. con reman.de tesour.	0	0
• Superávit de financiación	0	0

5.4.- Financiamento do orzamento

Os recursos previstos para ó exercicio 2006 poden agruparse baixo dous grandes apartados: os recursos propios xerados polas operacións da actividade de Portos de Galicia e que configuran o grao de autonomía financeira dispoñible; e os recursos alleos, que son ingresos materializados en transferencias de capital destinados a financiar os investimentos en grandes infraestructuras, procedentes do programa operativo FEDER período 2000 – 2006, do F.C.I., e da subvención global fixada pola Comunidade Autónoma.

Os recursos propios do Ente Público Portos de Galicia, constituídos polas taxas e outros ingresos e os ingresos patrimoniais, representan en termos relativos unha parte moi importante do financiamento de Portos de Galicia, supoñendo, de acordo coas previsións para o ano 2006, o 29% dos ingresos totais do orzamento ordinario. O resto, é dicir, o 71%, que ascende a 29.450.722 euros, constitúe o financiamento alleo, transferencias de capital, que para a construción das grandes infraestructuras portuarias recibe Portos de Galicia.

5.4.1.- Fontes de financiamento

- Recursos propios e alleos

Concepto	Euros	% Total
▪ Taxas e outros ingresos	12.141.250	29
▪ Ingresos patrimoniais	30.000	0
□ Recursos propios	12.171.250	29
▪ Transferencias correntes	0,00	-

▪ Transferencias de capital	29.450.722	71
□ Recursos alleos	29.450.722	71
• Recursos totais	41.621.972	100

Recursos propios:

- Taxas e demais ingresos por prestación de servicios portuarios.
- Rendementos procedentes do patrimonio propio.

Recursos alleos:

- Subvención global fixada pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Subvencións e axudas da Unión Europea do F.C.I., do FEDER.

As previsións dos recursos propios para o ano 2006 poñen de manifesto un crecemento na autonomía financeira do Ente Público Portos de Galicia, ó poder acometer cos recursos obtidos polos servicios prestados, non só a totalidade dos seus gastos de explotación, senón tamén asumir directamente parte dos investimentos levados a cabo.

ZONA	CONCELLO	PROXECTO / OBRA	FONDO	ORZAMENTO	AN-ANTER	ANUALIDAD-06	TOTAL FUTUROS
2-CENTRO	RIANXO	MELLORA DO ABRIGO EN RIANXO	MAC-PG	2.897.615,63	2.001.724,14	895.891,49	0,00
2-CENTRO	MUGARDOS	AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓN PORTUARIAS DE MUGARDOS	MAC	846.808,80	409.655,17	437.153,63	0,00
2-CENTRO	CAMARIÑAS	MELLORA DO ABRIGO NAS INSTALACIÓN PORTUARIAS DE SANTA MARIÑA (CAMARIÑAS)	MAC	479.389,66	442.241,38	37.148,28	0,00
2-CENTRO	MUROS	AMPLIACIÓN DE ATRAQUE E RAMPLA DE VARADA EN MUROS	MAC	1.904.008,40	279.310,34	1.210.344,83	414.353,23
3-SUR	VILANOVA	REMODELACIÓN DA DÁRSENA INTERIOR DO PORTO DE VILANOVA	MAC	2.929.882,53	372.413,79	1.862.068,97	695.399,77
1-NORTE	VIVEIRO	ZONA DE VARADA NO PORTO DE CELEIRO	MAC	469.278,05	186.206,90	283.071,15	0,00
2-CENTRO	CAMELLE	DRAGADO DE BAIXO NA ZONA DE ACESSO Ó PORTO DE CAMELLE	MAC	177.654,86	465.517,24	252.137,62	0,00
2-CENTRO	MUROS	MELLORA DO ABRIGO E REMODELACIÓN DO PORTO DE MUROS	MAC-PG	2.551.791,93	214.137,93	1.154.482,76	1.183.171,24
2-CENTRO	O SON	RAMPLA DE VARADA Y REMODELACIÓN DA DÁRSENA EN PORTO DO SON	MAC	465.517,24	93.103,45	372.413,79	0,00
2-CENTRO	CAMARIÑAS	AMPLIACIÓN DOS PEIRAO EN CAMARIÑAS	MAC	977.586,20	46.551,72	931.034,48	0,00
1-NORTE	XOVE	CONTRADIQUE EN MORÁS	0	349.137,93	0,00	93.103,45	266.034,48
1-NORTE	BURELA	VIAL DE ACESSO Ó PORTO DE BURELA	0	2.071.551,72	0,00	465.517,24	1.606.034,48
3-SUR	VILANOVA	REMODELACIÓN CONTRADIQUE EN VILANOVA	PG	837.931,04	0,00	186.206,90	651.724,14
3-SUR	CANGAS	REMODELACIÓN DA ZONA PORTUARIA DE ALDÁN E MELLORA DO ABRIGO	PG	1.233.620,68	0,00	279.310,34	954.310,34
2-CENTRO	LAXE	REMODELACIÓN DA DÁRSENA DO PORTO DE LAXE	PG	1.396.551,72	0,00	46.551,72	1.350.000,00
3-SUR	A ILLA	AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓN PORTUARIAS EN O XUFRE	PG	3.258.620,69	0,00	46.551,72	2.793.103,45
3-SUR	MOAÑA	RAMPLA DE VARADA EN DOMAIO	PG	501.732,27	0,00	372.413,79	129.318,48
2-CENTRO	BOIRO	NOVA DÁRSENA NO PORTO DE CABO DE CRUZ	PG	3.398.275,87	0,00	46.551,72	2.932.724,15
2-CENTRO	CAMARIÑAS	PROLONGACIÓN DO DIQUE DE ABRIGO DE CAMELLE	PG	1.862.068,96	0,00	46.551,72	1.815.517,24
2-CENTRO	FISTERRA	INSTALACIÓN PORTUARIAS EN O SARDIÑEIRO	0	1.048.499,10	0,00	46.551,72	582.981,86
2-CENTRO	CARIÑO	AMPLIACIÓN DE PEIRAO EN CARIÑO	0	558.620,69	0,00	93.103,45	465.517,24
		TOTAL PROGRAMA 1 - INFRAESTRUCTURA XERAL		30.756.143,97	4.510.862,06	10.415.057,33	15.830.224,58
3-SUR	A GARDA	AMPLIACIÓN DE PEIRAO NO PORTO DE A GARDA	MAC	468.589,65	232.758,62	235.831,03	0,00
2-CENTRO	NOIA	REMODELACIÓN DAS INSTALACIÓN PORTUARIAS EN TESTAL	MAC	1.236.693,34	372.413,79	744.827,59	119.451,96
3-SUR	BUEU	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS E ACONDICIONAMENTO DO PORTO DE BELUSO	MAC-PG	884.482,75	46.551,72	837.931,03	0,00
3-SUR	BAIONA	AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE BAIONA	MAC	931.034,48	93.103,45	837.931,03	0,00
2-CENTRO	OUTES	REMODELACIÓN E URBANIZACIÓN DO PORTO DE O FREIXO	FCI	2.344.433,45	216.758,62	1.675.862,07	451.812,76
3-SUR	POIO	AMPLIACIÓN E REMODELACIÓN DA LONXA DE CAMPELO	FCI	325.862,06	9.310,34	316.551,72	0,00
3-SUR	CANGAS	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN CANGAS	FCA-PG	1.342.339,99	372.413,79	969.926,20	0,00
3-SUR	MOAÑA	AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE DOMAIO	0	558.620,69	0,00	93.103,45	465.517,24
3-SUR	MOAÑA	AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE MEXILOEIROIS NO PORTO DE MOAÑA (2ª FASE)	PG	651.724,13	0,00	279.310,34	372.413,79
3-SUR	POIO	PANTALAN ADOSADO Ó DIQUE DE ABRIGO EN COMBARRO	0	232.758,62	0,00	186.206,90	46.551,72
3-SUR	VILAGARCÍA	PANTALAN PARA EMBARCACIONES MEXILOEIRAS EN VILAXOÁN	0	139.655,17	0,00	46.551,72	93.103,45
2-CENTRO	A POBRA	AMPLIACIÓN DE PANTALÁN PARA MEXILOEIROIS EN A POBRA	0	111.724,14	0,00	111.724,14	0,00
		TOTAL PROGRAMA 2 - INFRAESTRUCTURA PESQUEIRA		9.227.918,47	1.343.310,33	6.335.757,22	1.548.850,92
VARIOS	VARIOS	OBRAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE DE INSTALACIÓN PORTUARIAS. ADAPTACION AL CODIGO PBIP	MAC	1.207.804,04	606.601,50	601.202,54	0,00
2-CENTRO	CEE	AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE BRENS	PG	12.554.999,99	0,00	46.551,72	12.508.448,27
2-CENTRO	RIBEIRA	DÁRSENA EXTERIOR EN RIBEIRA	0	11.637.931,03	0,00	46.551,72	11.591.379,31
1-NORTE	RIBADEO	DRAGADO DA CANLE DE ACESSO Ó PEIRAO DE MIRASOL-RIBADEO (2ª FASE)	0	288.620,69	0,00	288.620,69	0,00
2-CENTRO	SADA	DRAGADO NO PEIRAO COMERCIAL DE SADA	0	93.103,44	0,00	46.551,72	46.551,72
2-CENTRO	CEE	PAVIMENTACIÓN DO PEIRAO DE CEE	0	167.586,20	0,00	83.793,10	83.793,10
		TOTAL PROGRAMA 3 - INFRAESTRUCTURA TRÁFICO COMERCIAL		25.950.045,39	606.601,50	1.113.271,49	24.230.172,40
2-CENTRO	ARES	AMPLIACIÓN DAS INSTALACION NAUTICO DEPORTIVAS EN ARES	FCI	1.061.967,72	232.758,62	829.209,10	0,00
1-NORTE	RIBADEO	AMPLIACIÓN DAS INSTALACION NAUTICO DEPORTIVAS DE RIBADEO	0	251.937,93	0,00	186.206,90	65.731,03
2-CENTRO	CEDEIRA	DIQUE DE ABRIGO PARA AS INSTALACION NAUTICO DEPORTIVAS EN CEDEIRA	0	1.396.551,72	0,00	46.551,72	1.350.000,00
3-SUR	BAIONA	PANTALÁN DE EMBARCACIONES MENORES EN BAIONA	0	558.620,69	0,00	93.103,45	465.517,24
3-SUR	BUEU	NOVO PANTALAN PARA EMBARCACIONES DEPORTIVAS EN BELUSO	0	55.862,07	0,00	55.862,07	0,00
1-NORTE	FOZ	PANTALAN PARA EMBARCACIONES MENORES E URBANIZACIÓN DO CANTIL NA DÁRSENA PESQUEIRA EN FOZ	0	195.517,24	0,00	93.103,45	102.413,79
		TOTAL PROGRAMA 4 - INFRAESTRUCTURA NAUTICO RECREATIVA		3.520.457,37	232.758,62	1.304.036,69	1.983.662,06
2-CENTRO	FISTERRA	URBANIZACIÓN E NOVA LONXA NO PORTO DE FISTERRA	MAC-PG	2.122.871,47	1.489.655,17	633.216,30	0,00
2-CENTRO	NOIA	ACONDICIONAMENTO DO BORDE MARITIMO NO PORTO DE NOIA	MAC	1.308.993,28	186.206,90	1.122.786,38	0,00
2-CENTRO	POBRA DO CARAMIÑAL	ACONDICIONAMENTO DO BORDE PORTUARIO DE A POBRA DO CARAMIÑAL	FCI	431.021,81	93.103,45	337.918,36	0,00
2-CENTRO	MALPICA	REMODELACIÓN DO PORTO DE MALPICA	FCA-PG	3.116.917,24	279.310,34	2.837.606,90	0,00
		TOTAL PROGRAMA 5 - ADECUACIÓN Ó ENTORNO URBANO E MELLORA DAS CONDICIÓN MEDIOAMBIENTAIS.		6.979.803,80	2.048.275,86	4.931.527,94	0,00
2-CENTRO	CAIÖN	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN CAIÖN	MAC	386.939,07	279.310,34	107.628,73	0,00
2-CENTRO	CAMARIÑAS	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS CAMARIÑAS	MAC	545.292,93	325.862,07	219.430,86	0,00
2-CENTRO	CARIÑO	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN CARIÑO	MAC	1.505.934,68	279.310,34	931.034,48	295.589,86
3-SUR	OIA	ACONDICIONAMENTO DO ACESSO E RAMPLA EN SANTA MARIA DE OIA	MAC	290.375,54	139.655,17	150.720,37	0,00
1-NORTE	BURELA	REFORZO DA ESCOLLERA DO DIQUE DE ABRIGO DE BURELA	FCI	395.739,93	328.294,63	67.455,30	0,00
3-SUR	REDONDELA	DEPARTAMENTOS DE USUARIOS Y AMPLIACIÓN DEL EDIFICIO DE SERVICIOS EN ARCADE	0	483.912,10	0,00	251.153,48	232.758,62
3-SUR	MOAÑA	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO DE MOAÑA	0	465.517,24	0,00	46.551,72	418.965,52
2-CENTRO	RIANXO	DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS RIANXO	0	465.517,24	0,00	186.206,90	279.310,34
2-CENTRO	LAXE	DRAGADO NO PORTO DE LAXE	0	93.103,45	0,00	93.103,45	0,00
1-NORTE	VIVEIRO	EDIFICIO DE SERVICIOS PORTUARIOS NO PORTO DE CELEIRO	0	83.793,10	0,00	83.793,10	0,00
2-CENTRO	FISTERRA	REFORZO DA ESCOLLERA DO DIQUE DE ABRIGO DE FISTERRA	0	232.758,62	0,00	232.758,62	0,00
1-NORTE	CELEIRO	NOVA ACOMETIDA ELECTRICA Ó PORTO DE CELEIRO	0	139.655,17	0,00	139.655,17	0,00
2-CENTRO	A POBRA	PROLONGACIÓN DO SANEAMIENTO NO PORTO DE A POBRA	0	186.206,89	0,00	139.655,17	46.551,72
3-SUR	O GROVE	PAVIMENTACION DE EXPLANADA NO PORTO DE O GROVE	0	55.862,07	0,00	55.862,07	0,00
0	VARIOS	INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CONTENCIÓN E ASPIRACION DE AUGAS DE SENTINAS E FECAIS EN VARIOS PORTOS	0	558.620,68	0,00	279.310,34	279.310,34
0	VARIOS	IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA E CONSTRUCCION DE ALMACENS E GARAXES EN VARIOS PORTOS	0	558.620,69	0,00	139.655,17	418.965,52
0	VARIOS	INSTALACION DE CONTROL DE ACCESOS EN VARIOS PORTOS	0	139.655,17	0,00	139.655,17	0,00
2-CENTRO	RIBEIRA	PAVIMENTACIÓN XERAL DO PORTO DE RIBEIRA	0	279.310,34	0,00	139.655,17	139.655,17
		TOTAL PROGRAMA 6 - INSTALACIÓN DE CARÁCTER XERAL E ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN.		6.866.814,91	1.352.422,55	3.403.285,27	2.111.107,09
0	0	*****OUTRAS ASISTENCIAS TÉCNICAS ATMOS/PLACA	FCA	148.258,00	0,00	148.258,00	0,00
0	0	*****OBRAS NOVAS MENORES	FCA	1.400.000,00	0,00	1.400.000,00	0,00
0	0	*****ASISTENCIAS TÉCNICAS FCA	FCA	218.700,00	109.350,00	109.350,00	0,00
0	0	TOTAL SUBVENCIONES	0	85.068.141,91	10.203.580,92	29.160.543,94	45.704.017,05
0	0	*****PROXECTO ATMOS	0	255.253,14	124.686,09	130.567,05	0,00
0	0	*****PROXECTO PLACA	0	212.374,13	52.762,95	159.611,18	0,00
0	0	TOTAL OUTRAS SUBVENCIONES	0	467.627,27	177.449,04	290.178,23	0,00
0	0	*****OUTRO INMOBILIZADO	FP	183.438,00	0,00	183.438,00	0,00
0	0	*****ASISTENCIAS TÉCNICAS PyO	FP	1.340.000,00	0,00	1.340.000,00	0,00
0	0	TOTAL FONDOS PROPIOS	0	1.523.438,00	0,00	1.523.438,00	0,00
		TOTAL PROGRAMACIÓN PLAN DE INVESTIMENTOS E FINANCIACIÓN 2006		87.059.207,18	10.381.029,96	30.974.160,17	45.704.017,05

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE: ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA

Miles de euros

	DEBE		HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		AUMENTO DAS EXISTENCIAS	
APROVISIONAMENTOS	0	VENDAS NETAS	11.341
GASTOS DE PERSOAL	4.100	Vendas nacionais	0
Soldos e salarios	3.107	Exportacións	0
Seguridade Social a cargo da empresa	905	Prestación de servicios	11.341
Indemnizacións	11	INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN	0
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	Alugueiros	0
Outros	77	Outros	0
AMORTIZACIÓNS	9.237	INGRESOS FINANCEIROS E ASIMILADOS	8.385
Do inmovilizado material	9.231	Dividendos	0
Do inmovilizado inmaterial	7	Xuros	30
De gastos de establecemento	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes	0
		Outros	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	8.355
Variación das provisións de existencia	0	SUBVENCIONS A EXPLOTACIÓN	0
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	Da Comunidade Autónoma	0
Variacións outras provisións de tráfico	0	Doutros Entes Públicos (con detalle)	0
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	6.547	Doutros (especificar)	0
Servicios exteriores	6.547	TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO	800
Impostos sobre beneficios	0	INGRESOS ORDINARIOS	20.527
Outros tributos	0	PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0
Outros gastos de xestión corrente	0		
Dotación ó fondo de reversión	0		
GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS	1		
De obrigas e bonos	0		
De préstamos e créditos	0		
Por descontos de efectos comerciais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0		
Outros	1		
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0		
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCEIROS	0		
A longo prazo	0		
A curto prazo	0		
SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
GASTOS ORDINARIOS	19.885		
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	642		
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIONS	642		
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	642		
+SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
-SUBVENCIONS Á EXPLOTACION	0		
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
ORZAMENTO DE CAPITAL		
SOCIEDADE: ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA		Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	1.523	0
Cash-flow actividades ordinarias	1.523	0
Amortizacións	9.237	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	-8.355	0
Resultado ordinario antes de subvencións	642	0
Subvencións netas á explotación	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos extraordinarios	0	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
De sociedades públicas	0	0
Doutros (especificar)	0	0
SUBVENCIONS DE CAPITAL	29.451	0
Da Comunidade Autónoma	29.161	0
Doutros entes públicos	0	0
Doutros (especificar)	290	0
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	0	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	0	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Préstamos doutras empresas	0	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	0
Inmovilizado material	0	0
Inmovilizado inmaterial	0	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONES FINANCIERAS	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
TOTAL ORIXES	30.974	0
DIMINUICIÓN CAPITAL CIRCULANTE	0	0
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	0	0
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS	0	0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS	0	0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital	0	0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos	0	0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	30.974	30.974
Inmovilizado material	30.874	30.874
Terreos e construcións	30.791	0
Instalacións técnicas e maquinaria	0	0
Outras instalacións, utensilios e mobiliario	0	0
Anticipos e inmovilizacións materiais en curso	0	0
Outro inmovilizado material	83	0
Inmovilizado inmaterial	100	100
Gastos de investigación e desenvolvemento	0	0
Propiedade industrial	0	0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso	0	0
Outro Inmovilizado inmaterial (especificar)	100	0
Inmovilizado financeiro	0	0
Empresas do Grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
REDUCCION DE CAPITAL	0	0
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS	0	0
A Comunidade Autónoma	0	0
A outros entes públicos	0	0
A sociedades públicas	0	0
A outras (especificar)	0	0
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA	0	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	0	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Doutras débedas	0	0
De provedores de inmovilizado e outros	0	0
TOTAL APLICACIÓNS	30.974	30.974
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE	0	0

O.K.

VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	
-Aumento das existencias	0
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	0
-Aumento debedores das Admóns.públicas	0
-Aumento contas financeiras	0
-Aumento axuste pola periodificación de activos	0
ACTIVO CIRCULANTE	0
-Redución das existencias	0
-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	0
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	0
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0
PASIVO CIRCULANTE	0
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006
BALANCE DE SITUACIÓN
SOCIEDADE: ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA Miles de euros

ACTIVO	2.004	2.005	2.006	%M 06/05
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0	
Gastos de establecemento	0	0	0	
Inmobilizado inmaterial neto	641	855	949	
Inmobilizado material neto	219.878	241.412	263.056	
Provisións do immobilizado non financeiro	0	0	0	
Inmobilizado financeiro neto	0	0	0	
Accións propias	0	0	0	
Gastos para distribuir en varios exercicios	0	0	0	
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0	
Existencias	0	0	0	0
Debedores ordinarios	15.274	15.274	15.274	0
Debedores administracións públicas	0	0	0	0
Contas financeiras	1.909	1.909	1.909	0
Axustes por periodificación	0	0	0	
TOTAL ACTIVO	237.703	259.451	281.188	

PASIVO	2.004	2.005	2.006	%M 06/05
Fondos propios	79.579	80.024	80.665	
Subvencións en capital	144.915	166.219	187.314	
Diferencias positivas de cambio	0	0	0	
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0	
Provisións para riscos e gastos	0	0	0	
Acredores a longo prazo	3	3	3	
Acredores a curto prazo, ordinarios	13.205	13.205	13.205	0
Acredores a corto prazo, administracións públicas	0	0	0	
Provisións para operacións de tráfico	0	0	0	0
Axustes por periodificación	0	0	0	
TOTAL PASIVO	237.703	259.451	281.188	

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE: ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA	Miles de euros	

	2.004	2.005	2.006
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	2.328	1.310	1.523
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	3.378	0	0
Existencias	0	0	0
Debedores excepto Administracións Públicas	-4.163	0	0
Axustes pola periodificación de activos	0	0	0
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	0	0	0
Acredores de administracións públicas	0	0	0
Acredores excepto administracións públicas	7.542	0	0
Axustes por periodificación pasivos	0	0	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	-1.050	1.310	1.523
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	24.859	28.639	29.451
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	24.812	28.639	29.451
Subvencións á explotación	46	0	0
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	0	0	0
Alleamento de inmovilizado	0	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	23.808	29.950	30.974
Menos : DOTACIÓNS	-26.024	-29.950	-30.974
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	25.769	29.729	30.874
Inmovilizado inmaterial	255	220	100
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Reducción de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	0	0	0
Provisións para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	-2.215	0	0
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	4.124	1.909	1.909
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	1.909	1.909	1.909

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		
SOCIEDADE: ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA	Miles de euros	

	2.004	2.005	2.006
Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación	11.388	10.766	11.341
Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso	0	0	0
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	803	804	800
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	12.192	11.570	12.141
Menos : Aprovisionamentos	0	0	0
Menos : Gastos externos e de explotación	6.464	6.337	6.547
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	5.728	5.233	5.594
Menos : Outros gastos	0	0	0
Menos : Gastos de persoal	3.428	3.950	4.100
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	2.300	1.283	1.494
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	9.237	8.201	9.237
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisiones de Tráfico	0	0	0
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	-6.938	-6.919	-7.743
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados	4.669	7.366	8.385
Menos : Gastos financeiros	6	3	1
Menos : Dotacións para amortizacións e provisiones financeiras	0	0	0
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	-2.274	445	642
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	0	0	0
Menos : Variación das Provisiones do inmovilizado	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	-2.274	445	642
Máis : Subvencións netas á explotación	46	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	-2.228	445	642
Menos : Impuestos sobre sociedades e outros	0	0	0
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	-2.228	445	642

O.K.

